

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE XUÑO DE 2022, POLA QUE SE DELEGA A SINATURA NO DELEGADO DO REITOR PARA O DEPORTE

O artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) determina as competencias do reitor, quen, como máxima autoridade académica e de representación daquela, exerce a súa dirección, goberno e xestión, así como o desenvolvemento das liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados.

Logo da elección do reitor procedeuse ao seu nomeamento polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, tomando posesión do cargo o día 22 de marzo de 2022.

Por Resolución Reitoral de 17 de marzo de 2022, nomeáronse os e as vicerreitores/as e a secretaria xeral da Universidade, conformando así a estrutura básica do goberno da Universidade.

Por acordo do Consello de Goberno do 28 de abril de 2022 procedeuse á creación do cargo de delegado/da do reitor/ra e, posteriormente, mediante resolucións reitorais, procedeuse ao nomeamento de delegados/as do Reitor para materias concretas, aos que se lle encomendaron determinadas funcións.

Así, o delegado do reitor para o Deporte ten as seguintes funcións:

- a) O deseño, coordinación e seguimento da política de deporte universitario.
- b) O deseño, coordinación e seguimento das accións de promoción do deporte e a vida saudable entre a comunidade universitaria.
- c) A supervisión do Servizo de Deportes.

Cómpre completar esa atribución de funcións coa delegación de sinatura para os actos necesarios que permitan unha xestión máis áxil e eficiente.

Por todo o anterior, ao abeiro do artigo 92 dos Estatutos da USC e en virtude das atribucións que me están conferidas polo ordenamento xurídico vixente,

RESOLVO

Primeiro. Para o exercicio das funcións encomendadas, delego a sinatura no delegado para o Deporte dos seguintes actos:

- Expedición - concesión de créditos pola realización de actividades deportivas.
- Resolución de devolución de ingresos indebidos.
- Follas de pedimento, facturas, axudas de custo e locomoción e asuntos económicos ordinarios relacionados co Servizo de Deportes, como responsable de centro de gasto.

Segundo. Nos actos que se asinen por delegación constará expresamente a identificación do reitor e a denominación do cargo de delegado/a en cuxo favor se conferiu a delegación de sinatura.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
30/06/2022 14:13:11.

CSV: 0E0B-3533-4118-A605